

NOTAS PARA A DEFINIÇÃO DUNHA ESTILÍSTICA COMPARADA DA TRADUCCIÓN

Alberto Álvarez Lugrís
Universidade de Vigo

Abstract: This paper aims at presenting a new definition and methodology for Comparative Stylistics, so that it can find its place within Translation Studies as defined by Toury (1995). Though traditional Stylistics as Vinay & Darbelnet's were mostly asystematic, prescriptive and rather impressionistic, it is argued here that their starting point and general objectives can fit into Descriptive Translation Studies; it is methodology that needs revision and elaboration.

Nos últimos 25 anos o estudio académico da traducción viu o nacemento e desenvolvemento dos chamados Estudios de Traducción. Foi no 1972 cando James S. Holmes presentou nun pequeno artigo as súas propostas sobre "The Name and Nature of Translation Studies". Os Estudios de Traducción, segundo propuña Holmes, habían ser unha disciplina puramente científica que se puidese enfrontar á totalidade do conxunto de fenómenos que rodean a traducción, como función, proceso e resultado. O autor defendía a creación dunha disciplina totalmente independente, con ferramentas propias e un obxecto de estudio perfectamente definido e delimitado e tamén presentaba unha perfecta taxonomía das áreas e subáreas nas que tal disciplina se dividiría, con cadanseu obxectivo e cadansúa metodoloxía.

As meta-reflexións sobre a metodoloxía dos nosos estudos non abundaban daquela (nin agora tampouco, por desgracia), pero a contribución de Holmes pasou practicamente inadvertida, en parte por razóns que Gideon Toury lle achaca á limitada difusión dos sucesivos volumes nos que foi editado o artigo (1995:7-8) pero en parte tamén por mor da máis grave das pexas que sufría e segue a sufrilo estudio da traducción: o excesivo academicismo da meirande parte dos teóricos.

Como tantas outras ocupacións do ser humano, a traducción foi primeiro oficio e despois, moito despois, ciencia. Quere isto dicir que os profesio-

nais da traducción tiveron que amañarse sempre sen un sustento teórico, sen unha formación que dalgún xeito rexese ou, cando menos, xustificase as decisións que cada día tomaban. O traductor profesional, lonxe de ser normalmente un investigador, é un traballador que precisa medios de traballo válidos e de doada aplicación; non ten tempo para perderse en divagacións teóricas sobre o transfondo filosófico do seu labor. Mais, desgraciadamente, iso foi só o que os teóricos da traducción lle ofreceron ata o de agora. Por outra banda, os estudiosos da traducción dende un punto de vista teórico teñen, na meirande parte dos casos, unha formación filolóxica que, lonxe de ser unha axuda, unha boa base para as súas investigacións, converteuse nun atranco para o desenvolvemento dunha disciplina que precisaba unha teoría sólida e propia. En realidade, o problema non está na formación filolóxica en si mesma (dicir iso sería tirar pedras contra o noso propio tellado), senón nun marcado nesgo cara a unha teoría exclusivista que sempre desprezou as investigacións empíricas.

Formados así nun rancio academicismo, os teóricos da traducción non foron quen, en moitos casos, de se reciclar para achegarse a unha disciplina eminentemente práctica á que lle faltaba non unha reflexión teórica estéril sobre, por exemplo, a posibilidade ou non de traducir ou cál é a unidade de traducción, senón a sistematización da práctica: a observación dos feitos de traducción para tirar deles conclusións útiles. O divorcio entre teoría e práctica no campo da traducción é máis evidente aínda cando comprobamos que certos teóricos, por así chamalos, non se achegaron nunca á traducción como experiencia, como proceso, senón que falan da traducción de oídas, dende un punto de vista exclusivamente filosófico, como se iso puidese axudar en algo ós profesionais no seu labor diario ou ós estudantes na súa formación. A situación, para a nosa desgracia, non parece que vaia mudar no futuro próximo e mesmo podemos dicir que este inmovilismo e desprezo pola profesión ten xa impregnado o ámbito universitario ata niveis alarmantes, se cadra irreversibles; esta tendencia cara á teoría arnada e infecunda (que no fondo non é máis que unha forma de autodefensa fronte a un labor que non se dá abranquido nin se quere comprender, que non é máis que unha forma de agachalas propias faltas e o propio medo a recoñecelas) reflíctese, fundamentalmente, en dúas cuestións: a) a falla total de criterio para deseña-lo currículo duns estudos que deberían ir dirixidos *fundamentalmente* a inseri-lo alumno no mundo laboral ou, cando menos, a darllo a coñecer; segue a primarse o coñecemento teórico, a pura acumulación de datos cando a profesión e o mercado laboral esixen experiencia e capacidade de adaptación; e b) o total desinterese por parte das autoridades universitarias e educativas sobre a capacidade dos docentes; a ninguén lle cabe na cabeza que puidese haber un catedrático de anatomía que nunca diseccionase un cadáver, pero semella normal que haxa en traducción docentes sen a máis mínima experiencia ou, polo menos, sen un interese demostrado por ter esa experiencia. É certo que a carreira univer-

sitaria non remata nunca e que os profesores están (ou deberían estar) en formación e reciclaxe continuadas, pero falar da tradución e das súas teorías ou ensinar a traducir sen se ter enfrontado nunca a un texto para vertelo a outra lingua é como amosarlles ós estudantes de medicina a foto dun morto no canto de levalos a un quirófano a diseccionar cadáveres.

Non é de estrañar, xa que logo, que as propostas de Holmes tivesen tan pouca repercusión no ámbito universitario e que, en consecuencia, os derradeiros 25 anos representasen para a tradución (no tocante sobre todo á meta-reflexión sobre os seus obxectivos, ferramentas e métodos) mínimos avances, senón un verdadeiro estancamento en moitos casos.

I. OS ESTUDIOS DESCRITIVOS DE TRADUCCIÓN

Non embargante, no ano 1995, o profesor Gideon Toury publicou un libro que deberá marcar, esta vez si, un fito no desenvolvemento da nosa disciplina, un punto de inflexión no conxunto das achegas teóricas. Trátase de *Descriptive Translation Studies and Beyond*, que en realidade actualiza e supera o seu anterior *In Search of a Theory of Translation* (1995:3). Dada a amplísima difusión que hoxe en día teñen na comunidade científica os libros, sobre todo os escritos en inglés, podemos pensar que a súa sorte será moi distinta á dos escritos de Holmes.

Toury retoma e amplía as propostas de Holmes para sentalos presupostos, obxectivos e metodoloxía dunha disciplina totalmente renovada denominada Estudos Descritivos de Tradución (*Descriptive Translation Studies*). Como o seu nome indica, esta nova disciplina deixa de lado o prescritivismo e céntrase na descrición da tradución como función, produto e proceso (*function, product and process*. Cf, especialmente a primeira parte do libro): o que Holmes (1978:101) denomina "translated text-in-function".

Na mesma primeira páxina do devandito libro podemos le-la contundente afirmación de que «no empirical science can make a claim for completeness unless it has a proper descriptive branch» (op. cit., p. 1). Toury denuncia o que chama "orientación predominante cara ás aplicacións prácticas" (op. cit., p. 2) como a causa do subdesenvolvemento dos estudos descritivos dentro dos Estudos de Tradución. Efectivamente, a necesidade imperiosa de aplicacións prácticas (a tradución, como dixemos máis arriba, foi oficio moito antes que ciencia) motivou que o marco teórico da disciplina propendese sempre ó prescritivismo e esquecese a **descrición** dos fenómenos, a **explicación** dos datos e a **predicción** de futuros problemas; é dicir, ante as preguntas dos profesionais sobre problemas concretos, os teóricos limitáronse a presentar ordes, leis de conducta que non tiñan nunca en conta as variables presentes ó longo de todo o proceso de tradución, dende a planificación ata a recepción.

Os escasos datos descritivos dos que ata o de agora os estudiosos podían botar man proviñan exclusivamente de disciplinas como a Lingüística Contrastiva, a Estilística Comparada e, máis recentemente, a Textoloxía Contrastiva. Malia o obxecto de estudio destas disciplinas poder ser traductolóxico, dinos Toury (ibid., p. 3), os seus resultados non poden esgota-lo estudio da noción de equivalencia e do concepto de traducción porque o obxectivo destas ciencias non é o estudio exhaustivo da traducción en tódalas súas dimensións senón o estudio das linguas. Os Estudos de Traducción precisan, xa que logo, dunha rama descritivo-explicativa que sirva de base para modifica-lo seu marco teórico e axeitalo ás súas necesidades reais. A sistematización dos datos e achados resultantes de estudos deste tipo deberían posibilita-la formulación dunha serie de leis que poñan de manifesto as relacións que existen entre tódalas variables relevantes para a traducción: o puro dato lingüístico, a sucesión de descrições illadas e inconexas de elementos dunha lingua, é labor estéril dentro dos Estudos de Traducción. O que os Estudos de Traducción precisan, á fin de contas, é a formulación de normas ou pautas de traducción que xurdan da análise de feitos de traducción observables, medibles e comprobables.

Quere isto dicir que a única teoría que coidamos pode ser de utilidade tanto para os teóricos como para os profesionais da traducción é unha teoría da traducción baseada en experiencias reais que, como estudio empírico, debe posuí-las seguintes tres características (Toury 1995: *passim*):

1. O obxecto de estudio: os feitos reais de traducción

Todo estudio empírico aspira a achegar coñecemento sobre algún aspecto do mundo real. Quere isto dicir que o único obxecto de estudio posible é precisamente o mundo real ou un fragmento del. Calquera disciplina que tente explica-la traducción terá necesariamente que tomar como obxecto de estudio os feitos de traducción, mais non como entidades abstractas, como conceptos, senón como experiencias reais. Os feitos individuais de traducción, delimitables, definibles, observables, medibles, debúxanse así como *o único punto de partida válido* para a nosa disciplina. Se xorde unha teoría, será a partir deles e para explicalos, e non se tratará nunca de dogmas apriorísticos desligados da traducción que boten man de textos reais só para se autoxustificar.

2. A observación debe partir do texto traducido, non do texto orixinal

Se os Estudos de Traducción pretenden ser unha achega útil tanto para o profesional da traducción como para o estudioso, deberán marcarse como obxectivo a solución de problemas de traducción reais e non a achega de disquisicións filosóficas. Eses problemas de traducción atópanse só no proceso de traducción. E debemos subliñar que é só no proceso onde podemos rastrea-los problemas e non no texto traducido; o texto traducido non sería máis

que unha pegada deses problemas ou, se queremos, unha testemuña. Dado que o investigador non pode asistir á xestión de tódalas traducións, a única posibilidade de estudia-los problemas é recorrer ós textos traducidos. O texto traducido debe se-lo punto de partida a partir do cal comezar un labor de reconstrución, na medida do posible, do proceso de tradución. Nese proceso cara ó TO, a reprodución das distintas variables que gobernaron a creación do TT facilitará a localización e delimitación dos problemas reais de tradución. O TT convértese así en *punto de partida* da observación e deixa de se-lo remate e finalidade dos estudos

3. O conxunto de tódalas observacións realizadas debe posibilita-la formulación de normas ou pautas

A repetición deste tipo de observacións sobre feitos puntuais producirá unha grande cantidade de datos en principio inconexos. É o cometido dos Estudos de Tradución sistematizar tódolos achados e tirar deles unha serie de pautas ou normas que máis tarde se artellarán nunha teoría coherente que poida explica-los comportamentos pasados e predicir futuras conductas. Estas pautas e a subseguinte teoría non terán nunca un valor prescriptivo senón *descriptivo-explicativo*.

Podemos dicir que os tres puntos anteriores resumen a concepción que Toury ten da disciplina dos Estudos Descritivos de Tradución renovada. Non é que ata o de agora non se realizasen estudos prácticos ou descritivos dos que se puidese botar man; o problema é que eses estudos foron realizados dende disciplinas da Lingüística tradicional que non tiñan a tradución como obxecto de estudio, senón máis ben como ferramenta. Por outra parte, a multiplicidade de perspectivas destas disciplinas produciu unha grande variedade de resultados que distaban moito de ser congruentes (1995:152): a comparación por si mesma non implica que os datos obtidos dende unha das disciplinas sexan repetibles nin replicables nin equivalentes nas outras, a non ser que se tome como punto de partida unha e a mesma teoría para tódalas análises. Sen embargo, disciplinas como a Lingüística Contrastiva, a Estilística Comparada ou a Textoloxía Contrastiva tiñan cadanseu punto de partida e querían estudar cadanseu fenómeno para chegar a conclusións necesariamente dispares que non sempre era doado relacionar e integrar.

Velaquí as principais críticas de Toury a uns Estudos de Tradución que xa hoxe podemos cualificar, coidámolo así, como tradicionais: por unha banda un prescriptivismo dogmático herdanza da máis rancia teoría filolóxica e por outra banda unha sobreabundancia de perspectivas teóricas, ningunha delas puramente traductolóxica. Detrás destas críticas podemos dexergar tamén unha acusación de comodidade e desidia: no canto de levar a cabo as observacións e análises que a tradución precisaba, a meirande parte dos estudiosos preferiu botar man do que a gramática tradicional lle ofrecía, sen

deterse a considerar se os resultados que así se obtiñan eran útiles e fiables ou se a disciplina que llos ofrecía partía dunha base teórica válida dende o punto de vista da tradución.

Á parte destas cuestións básicas que podemos chamar de fondo, debemos rexeitar tamén a metodoloxía da Lingüística tradicional, o seu xeito de se achegar á tradución e ó texto traducido: tómao como calquera outro texto producido na lingua de chegada e, xa que logo, estúdiao en función dos mesmos parámetros e variables, busca o mesmo tipo de fenómenos e, finalmente, proporciona idéntico tipo de explicacións. Toury, pola contra, opina que

Some of [the textual-linguistic norms of translated texts] may be identical to the norms governing non-translational text-production, but such an identity should never be taken for granted. This is the methodological reason why no study of translation can, or should proceed from the assumption that the latter is representative of the target language, or of any overall textual tradition thereof. (ibid. p. 59)

Estamos de acordo con Toury en que un texto traducido non é, en principio, representativo da lingua de chegada; non é, por dicilo doutro xeito, ou non ten por qué ser, un expoñente de corrección ou gramaticalidade, representante de ningunha variedade de lingua concreta nin paradigma de creación literaria. E isto porque un texto traducido é un texto *mediatizado*, un texto influído dende o momento da súa xestación por outro texto que o precede no tempo e que lle dá sentido, influído por toda unha lingua allea, por toda unha cultura, poderíamos dicir.

Pero un texto traducido si pode ser tomado como paradigma ou expoñente de tódolos textos traducidos dunha lingua orixe dada a unha lingua de chegada en concreto; ou, polo menos, podémolo tomar como un dos moitos representantes desa categoría de textos. Deste xeito podemos dicir que *Cara ó faro* (tradución galega de *To the Lighthouse*, de Virginia Woolf) é expoñente non da literatura galega senón da literatura inglesa vertida ó galego.

Á postura de Toury canto a este punto podémolle da-la volta e dicir que, se ben un texto traducido non pode ser tomado irreflexivamente como representante dos textos producidos na lingua de chegada, tampouco o poderá ser calquera texto orixinal desa lingua: probablemente calquera texto galego escollido ó chou non será representativo da Lingua Galega (con maiúsculas, é dicir, lingua histórica) senón máis ben dunha certa variedade de lingua ou dun certo tipo de textos, etc. Todo estudio lingüístico que se faga sobre un texto así escollido será representativo só dunha porción moi limitada de lingua. Cando queremos que unha investigación dea resultados reais e aplicables a toda a lingua, recorremos a un conxunto de textos, é dicir, a un *corpus*, no cal a escolla de textos está moi coidada e controlada precisamente para que a proporción dos distintos tipos de textos presentes na colección responda o máis fielmente posible á realidade de cada lingua.

Por iso coidamos que a maior ou menor representatividade dos textos traducidos dentro do sistema de fenómenos textuais da lingua de chegada non é motivo suficiente para excluí-las disciplinas da Lingüística tradicional do repertorio de *ferramentas* (e subliñámo-la palabra *ferramentas*) que están a disposición do estudioso da tradución.

É aquí onde comezamos a diferir das opinións que Toury expresa en *Descriptive Translation Studies and Beyond*: o profesor israelí mantén que os Estudos de Tradución deben ser unha rama totalmente nova e independente, que ten que prescindir necesariamente das investigacións tradicionais e das súas ferramentas (entre elas a Estilística Comparada) por non seren axeitadas para a nova disciplina. No que segue tentaremos demostrar que a Estilística Comparada non só pode ser útil como ferramenta para o estudioso da tradución, senón que debe ser considerada parte imprescindibile dunha nova disciplina de Estudos de Tradución tal e como a propón Toury, xunto con outras disciplinas como a Textoloxía Contrastiva (obxecto tamén das críticas de Gideon Toury).

II. FUNDAMENTOS TEÓRICOS DA ESTILÍSTICA COMPARADA

Certamente, as estilísticas comparadas tradicionais (Vinay & Darbelnet (1958) ou Malblanc (1968) por citar dúas ben coñecidas) non lle ofreceron nunca ó traductor profesional unha grande axuda práctica. Non encontramos nelas solucións a posibles problemas de tradución, senón exclusivamente ós problemas propostos; botamos en falla unha maior exhaustividade na investigación e unha sistematización dos achados, dos moitísimos exemplos, que verdadeiramente nos poidan axudar a toma-las nosas decisións ante problemas reais de tradución. Por poñer un exemplo, vexámo-lo tratamento que Vinay & Darbelnet fan da categoría gramatical número (op. cit. p. 119 e ss.). O estudio figura dentro do capítulo titulado “*Stylistique comparée des catégories*”, epígrafe que en principio nos promete unha verdadeira comparación do comportamento das categorías de cada lingua con respecto á outra no proceso da tradución; é dicir, un estudio, baseado na observación de traducións reais, das relacións funcionais que operan entre as categorías das dúas linguas. Non embargantes, atopamos só unha relación de sintagmas nominais ingleses coas súas traducións francesas. Ofrécenno-los autores algunhas tentativas de xeneralización que non son senón comentarios impresionistas e pouco útiles como o que abre o estudio: «*L’anglais fait du collectif un usage qui de prime abord dérouté les esprits français*» (op. cit. p. 119) ou o que o pecha: «*... la préférence de l’anglais pour des mots singuliers par la forme et pluriel par le sens, ce qui fait que dans certains cas le singulier ne peut pas se rendre que par une tournure spéciale*» (op. cit. p. 123), que os mesmos autores desmenten con outro listado de frases «*ou c’est l’anglais qui préfère le*

pluriel pour marquer les parties de l'ensemble, alors que le français se contente du singulier» (op.cit. p. 122). Non deixa de ser curioso, ademais, que ningún dos exemplos apareza situado no seu contexto, o que nos axudaría a ve-la relación da frase ou do substantivo co resto da oración e a función e importancia da categoría estudada en cada exemplo concreto. Por se fose pouco, as longuísimas relacións de exemplos dan a sensación, aínda que así non sexa, de estar tiradas de dicionarios, xa que en ningún caso se cita a súa procedencia, o que, por outra parte, é unha constante no libro.

Así e todo, se os resultados achegados polas estilísticas comparadas tradicionais non son o que os Estudos de Traducción e os tradutores profesionais precisan, non é necesariamente por que as investigacións partan de presupostos teóricos errados. Coidamos, pola contra, que os puntos de partida e os obxectivos de estudos como os de Vinay & Darbelnet ou o de Malblanc son totalmente válidos, pero que a metodoloxía que seguen está errada, polo que os seus resultados non son válidos. É dicir: se os resultados dos estudos realizados dentro da Estilística Comparada, ou mesmo ás veces os estudos en si, non responden ós problemas que presentan os feitos reais de tradución é porque os estudiosos se teñen deixado levar por unha orientación puramente gramatical e monolingüística. En efecto, semella que algunhas estilísticas comparadas que se autodenominan tamén "manuais de tradución" non fan máis que opor dous sistemas lingüísticos como se fosen un alternativa de expresión do outro, no canto de relacionar canto de dispar teñen entre si e integra-las semellanzas; en lugar de detecta-los posibles problemas reais de tradución que xorden da confrontación e análise dos textos traducido e orixinal, estes estudos semellan partir de ideas preconcebidas sobre qué partes da gramática dunha lingua van ser, por definición, dificultosas para os falantes da outra lingua. Alfred Malblanc, que substitula a súa *Stylistique comparée du français et de l'allemand* como *Essai de représentation linguistique comparée et Etude de traduction*, mesmo di no seu prólogo que o libro «s'adresse naturellement aux étudiants et professeurs allemands de français» (Malblanc, op. cit. p.i); e continúa dicindo que «[cette stylistique] intéressera l'homme cultivé curieux des démarches divergentes de deux grandes langues de culture» (op. cit. loc. cit.). O que significa que o obxecto de estudio da súa estilística son as linguas e non as relacións que entre esas dúas linguas se verifican precisamente en cada acto de tradución.

Enumeramos máis arriba os requisitos que coidamos que toda teoría sobre a tradución debería cumprir obrigatoriamente: o estudio deberá basearse exclusivamente en feitos de tradución reais; deberase partir do texto traducido para podermos reconstruí-los posibles problemas de tradución; a sistematización das diferentes observacións posibilitará a formulación de normas ou pautas que describan os distintos procesos de tradución e avancen futuros problemas. Resulta paradoxal comprobar que estes semellan se-los criterios que Vinay & Darbelnet tiñan en mente cando comezaron a súa estilística:

... la traduction est indissociable de la stylistique comparée, puis que toute comparaison doit se baser sur des données équivalentes... La stylistique comparée part de la traduction pour dégager ses lois (Vinay & Darbelnet op. cit. p. 21)

dínno-os autores no seu prefacio. Mesmo en certas ocasións os autores chegan a formular normas xerais como

D'une façon générale les mots français se situent généralement à un niveau d'abstraction supérieur à celui des mots anglais correspondants. (op. cit. p. 59)

porque, como recoñecen os autores, o obxectivo dunha Estilística Comparada é «d'en expliquer le mécanisme [de traduction] et d'en faciliter la réalisation par la mise en relief de lois valables pour les deux langues considérées» (op. cit. p. 20).

Así e todo, pronto descubrimos que os distintos autores non fan reflexións sobre a traducción senón sobre a lingua, sobre cada unha das linguas, e que a traducción (entendida só como resultado, pois semellan non prestarlle atención ó proceso) é só unha ferramenta, non o obxecto de estudo:

Il semble donc que la traduction, non pour comprendre nin pour faire comprendre, mas pour observer le fonctionnement de'une langue par rapport à une autre, soit un procédé d'investigation. (op. cit. p. 25)

É máis, chegan os autores a dicir que «nous ramenons ainsi la traduction à un cas particulier, à une application pratique de la stylistique comparée» (op. cit. p. 20).

Do mesmo xeito, o xa citado Alfred Malblanc, que se declara debedor de Vinay & Darbelnet, declara tamén que en Estilística Comparada

il s'agit en premier lieu... de faire de la traduction un discipline fournissant des conseils, des directives pour faciliter l'accession à cet art difficile. (1968:16)

É novamente a orientación monolingüística e puramente gramatical dos autores a que motiva esta concepción da traducción como ferramenta. No canto de toma-la traducción (fundamentalmente o proceso, pero tamén o resultado, como testemuña ou pegada dunha toma de decisións en resposta a un problema) como o punto de encontro entre dúas linguas, como o vidro a través do que as dúas linguas se observan unha a outra e a un tempo se ven reflectidas a si mesmas, os autores destas estilísticas utilizan o texto traducido como xustificación dos seus *prexuízos* (e utilizo a palabra en toda a súa extensión) sobre as linguas. No canto de partir do texto termo para reconstruí-lo proceso da traducción cos seus problemas, parten da confrontación de unidades que *a priori* coidan problemáticas e logo buscan apoio nos textos.

Semella, pois, que o mal que Toury tenta corrixir non se atopa na cerna da Estilística Comparada senón no desenvolvemento desa cerna e nos resultados obtidos. O problema non está na Estilística Comparada como tal, senón na falla de coherencia entre os postulados desta disciplina e a aplicación deses postulados na práctica. Cómpre, xa que logo, redirixi-las investigación en Estilística Comparada, fixar non só os presupostos teóricos dos que se ha partir, senón tamén os seus obxectivos finais e a metodoloxía que se ha seguir para acadalos.

En primeiro lugar, e aínda que pareza evidente, debemos ter ben asumido que a orientación xeral da Estilística Comparada debe ser traductolóxica e non lingüística, e moito menos monolingüística. O obxecto de estudio desta disciplina non son as linguas illadamente nin as gramáticas respectivas afrontadas en abstracto, senón as relacións que en cada acto de traducción se producen entre dúas linguas dadas. Cando falamos de dúas linguas que se relacionan nun acto de traducción non nos referimos, por suposto, ás linguas en abstracto (á toda a lingua, á Lingua Histórica) senón á representación concreta, tanxible, medible, dunha lingua nun texto dado. Podemos así dicir que **a Estilística Comparada ten como obxecto de estudio as relacións que no acto de traducción e en textos concretos se verifican entre dúas linguas.**

Deste primeiro principio podemos tirar unha primeira consecuencia: como mantén Toury (vid. supra), **os estudos da Estilística Comparada deben centrarse en feitos reais de traducción.** Se realmente pretendemos observa-las relacións que se establecen entre dúas linguas cando a operación traductora as confronta, só as experiencias reais de traducción serán de utilidade; nin as gramáticas nin listados máis ou menos completos de coincidencias ou diverxencias entre dúas linguas nos poden dar unha idea aproximada das decisións que toma un traductor cando senta a traballar.

A Estilística Comparada tradicional, ademais de non basearse sempre en feitos reais de traducción, comete o erro metodolóxico de partir da confrontación de unidades que *a priori* se consideran problemáticas ou dificultosas polo simple feito de seren distintas ou de teren distintas funcións en cada unha das linguas consideradas. Sucede isto, unha vez máis, por que a traducción non é o punto de partida da análise, senón unha xustificación dos prexuízos dos distintos autores. Para sermos consecuentes, e como xa dixemos máis arriba, para delimita-los problemas xurdidos no proceso de traducción un só camiño é válido: **partir do texto termo cara ó texto orixe tentando reconstruí-lo proceso traductivo.** Será nese proceso *á inversa* onde poidamos recoñecer qué aspectos de cada unha das linguas lle presentaron dificultades ó traductor. Atoparemos non só cuestións gramaticais como as presentadas polas estilísticas tradicionais senón tamén cuestións pragmáticas e textuais que ata o de agora viñan sendo ignoradas.

Tal e como propón Toury, o obxectivo final da recompilación de datos que unha investigación dese tipo supón, é que a Estilística Comparada sexa

capaz de **deducir unha serie de pautas que guiaron comportamentos pasados** e que poderían servir para solucionar futuros problemas. Estas pautas, dende logo, deben entenderse como guías, como patróns e non como regras obrigatorias; como sistematización e ensinanza do que aconteceu no pasado, non como leis absolutas. Como resultado deste tipo de estudos, a suma das pautas achadas e a súa integración no que poderíamos chamar *sistema de relacións de traducción* entre dúas linguas dadas posibilitará a identificación e delimitación de tendencias traductivas xerais en cada unha das dúas linguas. Estas tendencias terán sentido só se se entenden como a descrición do proceso de traducción dentro dunha lingua *dende o punto de vista da outra* e non como valoracións totais, absolutas e obxectivas das potencialidades e procedementos expresivos particulares de cada lingua. Concibímo-la Estilística Comparada, xa que logo, como **unha disciplina descriptivo-explicativa e non prescritiva**: o seu cometido é testemuñar e explicar comportamentos pasados.

Volvamos agora á metodoloxía da análise na Estilística Comparada. Dado que a fala é unha capacidade que só se pode manifestar de xeito lineal e secuencial, toda actividade humana que dependa da fala ou da linguaxe terá igualmente natureza secuencial. Tamén a traducción: cando traducimos non traducímo-la lingua enteira de vez, nin tampouco textos enteiros; procedemos secuencialmente, dividindo, máis ou menos inconscientemente, o texto orixe en anacos de natureza e lonxitude variable que posteriormente imos vertendo á lingua de chegada. Con eses novos anacos na lingua termo, (re)construímo-lo texto termo. Do mesmo xeito, **a observación do proceso traductivo ten por forza que ser secuencial** tamén: analizamos e comparamos fragmento a fragmento. Para ser máis exactos e coherentes co que vimos mantendo, debemos dicir que delimitamos porcións do texto traducido para logo tratar de reconstruí-lo proceso da súa traducción e chegar finalmente a delimita-las unidades correspondentes do texto orixe; unha vez feito isto podemos identificar problemas e explicar cómo foron solucionados.

Esta secuencialidade implica que **toda comparación é parcial**: é parcial porque de cada vez non comparamos toda a lingua nin toda unha clase de textos nin todo un texto, senón unha soa fracción dun texto e un só aspecto desa fracción. Por suposto, coa acumulación de estudos semellantes e coa sistematización e conxugación das distintas conclusións parciais poderemos chegar a formalizar dun xeito obxectivo e máis ou menos exacto os distintos comportamentos traductivos. Por outra parte, o carácter parcial da comparación é necesario tamén dende un punto de vista operativo: se queremos que a nosa análise sexa coherente e que os resultados obtidos teñan aplicación práctica, teremos que limitarnos, alomenos nun primeiro momento, ó estudio dun único fenómeno nun só tipo de textos que impliquen unha única parella de linguas. Sería inútil, nunha primeira fase da análise, tentar sistematizalos achados que resulten, por exemplo, do estudio dunha traducción dun texto científico e doutro poético. Isto supón que o estudio que comeza cun aspecto

dun texto **debe ampliarse gradualmente a un corpus de textos máis grande**, ó estudio doutros fenómenos, etc. para que os resultados poidan ser de aplicación máis ou menos xeral. Co estudio dun grande conxunto de textos traducidos (é dicir, de numerosos feitos de traducción reais) supérase ademais o nesgo que supón o recurso á introspección e ós coñecementos lingüísticos de cada un. Como apunta Toury, a repetición da análise é a única forma de descubrir pautas de comportamento:

After a large number of isolated pairs have been studied, *regular patterns* should be looked for which may have governed all these pairs or subgroups thereof. (1995:81)

Outra consecuencia fundamental da secuencialidade da traducción, e xa que logo tamén da análise da traducción, é **a necesidade de dividi-lo texto en unidades de análise**. Nin que dicir ten que isto supón identifica-las mesmas unidades que utilizou o traductor durante o proceso de traducción: as unidades de traducción; non tería sentido buscar ou conformarnos con outras unidades, xa que os resultados que obteríamos serían incorrectos.

O problema da delimitación das unidades de traducción vén ocupando ós teóricos dende hai xa moito tempo e non imos lembrar aquí tódalas propostas que se teñen feito. Repasaremos só as máis significativas para o tema que nos ocupa. Vinay & Darbelnet, na obra que vimos tomando como expoñente da Estilística Comparada tradicional, definen a unidade de traducción como unha unidade lexicolóxica que tanto pode ser unha palabra como un grupo de palabras que se asocian para expresar un só significado:

Le plus petite segment de l'énoncé dont la cohésion des signes est telle qu'ils ne doivent pas être traduits séparément. (1958:16, 37)

Novamente, a orientación gramatical e monolingüística que domina a obra determina un erro metodolóxico: os autores definen a unidade de traducción sen ter en conta, precisamente, a traducción, senón a lingua de partida e a compartimentación dos enunciados nesa lingua. De novo debemos lembrar que, se a Estilística Comparada quere ter un lugar de seu dentro dos Estudos Descritivos de Traducción, debe ter sempre como referencia os feitos reais de traducción; tamén á hora de defini-las súas unidades de traballo.

As unidades de traducción non deben verse como as unidades nas que se pode dividi-lo texto de partida ou a lingua orixe, senón como *as unidades reais coas que o traductor traballa*. ¿Cales son esas unidades? Dependendo da concepción que teñamos da actividade traductora, a resposta pode variar moito. Se entendémo-la traducción como un texto, como unha función comunicativa que se realiza nos textos, podemos dicir que **a unidade de traducción é o texto**. Esta afirmación choca contra varias cuestións prácticas que tentaremos solucionar de seguido. En primeiro lugar, xa dixemos antes que a

actividade traductora é eminentemente secuencial, lineal, polo que non podemos traducir textos enteiros de vez, a non ser que sexan moi curtos. Semella polo tanto lóxico e razoable que a unidade de traducción sexa un fragmento do texto, aquel fragmento que si traducimos en conxunto, dunha soa vez. O mesmo Toury fai esta reflexión:

... much as one would like to regard the text as an ultimate unit, the mapping of a translation onto its assumed source is impracticable unless both texts are broken down, often drastically. Nor is this necessity devoid of theoretical justification. After all, no act of translation is conceivable without *serial operations*. (1995:87) (cursiva no orixinal)

Semella polo tanto que por cuestións prácticas o *segmento* (1995:88) é a unidade máis axeitada para Toury. Pero volvamos ó noso concepto de traducción. Diciamos que a traducción é un texto e podemos engadir agora que é un texto *mediatizado*: o traductor é autor dun texto que dende a súa xestión está determinado por unha lingua e unha cultura de orixe que condicionan a súa forma e función e por unha lingua e unha cultura termo nas que se ten que integrar. Todos estes elementos mediatizan de forma inevitable o texto termo, pero hai un elemento máis que é a principal fonte de construcións: o texto mesmo concibido como unidade de designación, como universo autosuficiente, como sistema máis ou menos pechado. É o texto máis có seu autor ou destinatario, máis cá época na que foi escrito, máis cá lingua ou a cultura nas que se inscribe, o que con máis forza determina as nosas escollas, as nosas solucións ós problemas da traducción. E por iso podemos afirmar que o texto é a unidade real de traducción. Por necesidades metodolóxicas e prácticas, debemos traballar cunhas unidades moito menores, segmentos de texto inferiores incluso á oración, mais así e todo o recurso ó texto como unidade será inevitable para entender ou tratar de explicar certas decisións do traductor.

A mesma opinión mantén James S. Holmes (1976):

A fundamental fact about texts... is that they are both serial and structural –that after one has read a text in time, one retains an array of data about it in an instantaneous form... the translation of texts (or at least of extensive texts, or at least of complex texts) takes place on two planes: a serial plane, where one translates sentence by sentence, and a structural plane on which one abstracts a “mental conception” of the original text, then uses that mental conception as a kind of general criterion against which to test each sentence during the formulation of the new, translated text. (op.cit., pp. 82-83) (a cursiva é nosa)

Nótese que pese a compartir totalmente as palabras de Holmes, deberiamos cambiar “sentence” (oración) por segmento, xa que non traducimos oracións necesariamente, como xa dixemos.

Para concluír esta parte da discusión, poderíamos resumir dicindo que **a unidade de traducción no plano secuencial é o segmento, mentres que a unidade de traducción no plano estrutural é o texto**. Estas son tamén as unidades que a Estilística Comparada debe utilizar como base dos seus estudos. Cando unha unidade (unha parte dun texto) de calquera tipo nunha lingua A é ambigua e pode ser interpretada de varias formas e traducida por dúas ou máis construcións distintas da lingua B, ¿que outro elemento senón o propio texto ó que pertencen (é dicir, o contexto) condiciona a elección do traductor? (Sempre, claro está, que entendamos que ningún traductor toma as súas decisións ó chou). Tanto no proceso de traducción como no de reconstrución da operación traductora, as unidades de traducción vanse delimitando sobre a marcha: **non hai un conxunto finito de unidades de traducción de aplicación universal**, as unidades de traducción non teñen por qué ser sempre as mesmas, nin sequera dentro dun mesmo texto. Ó dependeren da traducción e da nosa análise (é dicir, do problema), cada tipo de unidade é independente dos demais. A unidade é unha ferramenta, non o obxectivo nin a finalidade da investigación, e por iso non debe condicionala nosa análise de ningún xeito, senón máis ben ó revés. As unidades vanse establecendo nos dous textos da parella ó mesmo tempo e determinanse unha á outra; son como as dúas caras dunha moeda. É máis, podemos dicir que para que as unidades sexan válidas só se poden establecer *ad hoc*, sobre a marcha, mentres se relaciona a traducción co seu texto orixe; incluso podemos afirmar que non se podería chegar a delimitar tales unidades en cada texto por separado, xa que se determinan unha á outra. A pesar de seren mutuamente independentes, as unidades non teñen por qué ser formalmente idénticas, aínda que si funcionalmente. É dicir, non teñen por qué pertencer á mesma categoría nin posuír estruturas sintácticas semellantes, pero si deben desenvolve-la mesma función dentro dos respectivos universos textuais.

A delimitación no texto traducido e no texto orixe de unidades de traducción funcionalmente equivalentes implica **a necesidade de defini-lo concepto de equivalencia**. Tradicionalmente tómase a equivalencia como un procedemento de traducción, limitado a un pequeno fragmento de texto, segundo o cal podemos expresar un mesmo contido mediante unha forma completamente distinta á do orixinal. Vinay & Darbelnet mesmo chegan a dicir que case que tódalas equivalencias están fixadas de antemán en repertorios léxicos:

...la plupart des équivalences... sont figées et font partie d'un repertoire phraséologique d'itiotismes, de clichés, de proverbes, de locutions substantivales ou adjectivales, etc. (1958:52)

Esta concepción da equivalencia como algo prefixado, e polo tanto anterior incluso ó mesmo proceso traductivo, supón negarlle á traducción o seu carácter histórico, a súa pertenza á unha sociedade concreta, a unha cultura

determinada e nun momento único. Efectivamente, se concibímo-la traducción, segundo apuntabamos máis arriba, como un acto comunicativo, temos necesariamente que recoñecerlle a súa característica de acontecemento socio-cultural e, xa que logo, a súa pertenza a un contexto moi concreto. Isto implica necesariamente que as traduccións varían no tempo, que envellecen, podemos dicir, que deixan de ter vixencia, que deixan de ser útiles fóra da sociedade que as creou (por iso, por exemplo, seguimos traducindo os clásicos cada certo tempo). A traducción é un produto socio-cultural e, como tal, as normas que rexen a súa xestación están determinadas polo contexto no que se inscribe. Parécenos, xa que logo, máis axeitado o concepto que Toury (1995:58-61) ten de equivalencia: unha variable determinada polas normas operativas que rexen a toma de decisións durante o proceso de traducción. Estas normas operativas son o modelo segundo o cal as traduccións se van creando e poden referirse tanto ás normas do texto (ou lingua, ou cultura) orixe, como ás normas do texto (ou lingua, ou cultura) termo, como a un compromiso entre as dúas. As normas operativas, como toda norma, están determinadas polo contexto, polo uso concreto de cada momento e, como apunta tamén Rosa Rabadán,

La actualización de las relaciones potenciales de equivalencia... es distinta en cada proceso de transferencia, en cada binomio textual y en cada estadio diacrónico. (1991:54)

Podemos dicir así que, máis ca un procedemento de traducción, **a equivalencia é unha potencialidade das linguas que se manifesta no proceso traductivo a través dos textos e está determinada polo contexto socio-cultural e histórico no que a traducción se inscribe.**

Remataremos esta reflexión sobre o lugar que a Estilística Comparada debe ocupar dentro do plan xeral dos Estudos de Traducción resumindo os principais puntos expostos. Unha Estilística Comparada que se queira adecuar ás necesidades actuais dos Estudos Descritivos de Traducción, tal e como as describe Toury (1995), ten que ser unha disciplina descriptivo-explicativa (non prescritiva) que teña como obxecto de estudio as relacións que no acto de traducción e en textos concretos se verifican entre dúas linguas. Debe centrarse no estudio de feitos reais de traducción para, partindo do texto termo e tentando reconstruí-lo proceso traductivo, deduci-las pautas que guiaron os comportamentos pasados dos tradutores. A observacións do proceso traductivo ten que ser necesariamente secuencial e parcial, pero os estudos poden e deben ampliarse a un corpus de textos máis amplo. Para someter a estudio as traduccións cómpre delimitar unhas unidades de análise: o texto no plano estrutural e o segmento no plano secuencial. Non hai un conxunto finito de unidades de análise establecido *a priori*, senón que as unidades se definen *ad hoc* durante a reconstrucción do proceso traductivo. O establece-

mento destas unidades baséase no concepto de equivalencia, que podemos definir como unha potencialidade das linguas que se manifesta no proceso traductivo a través dos textos e está determinada polo contexto socio-cultural e histórico no que a traducción se inscribe.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BALLARD, M. 1987. *La traduction de l'anglais au français*. Paris: Éditions Nathan. Deuxième édition 1996.
- HOLMES, J. S. 1972-1988. "The Name and Nature of Translation Studies", relatorio presentado no *Third International Congress of Applied Linguistics*, Copenhaguen, 21-26 de agosto de 1972. Reditado en Holmes 1988, pp. 67-80.
- 1976. "Describing Literary Translations: Models and Methods", Relatorio presentado no *International Colloquium on Literature and Translation*, Leuven, 27-29 Abril de 1976. Reeditado en Holmes 1988, pp. 81-91.
- 1978. "The Future of Translation Theory: a Handful of Theses". Relatorio presentado no *International Symposium on Achievements in the Theory of Translation*, Moscova e Ieverán, 23-30 de outubro de 1978. Reeditado en Holmes 1988, pp. 99-102.
- 1988. *Translated! Papers on Literary Translation and Translation Studies*. Amsterdam: Rodopi, 1988.
- VAN HOOFF, H. 1989. *Traduire l'anglais. Théorie et pratique*. Gembloux: Duculot. Deuxième tirage 1994.
- MALBLANC, A. 1968. *Stylistique comparée du français et de l'allemand. Essai de représentation linguistique comparée et étude de traduction*. Paris: Les Éditions Didier. Cinquième édition revue 1989.
- RABADÁN, R. 1991. *Equivalencia y traducción. Problemática de la equivalencia transléctica inglés-español*, León: Servicio de Publicaciones de la Universidad de León, 1991.
- TOURY, G. 1980. *In Search of a Theory of Translation*. Tel-Aviv: The Porter Institute for Poetics and Semiotics, Tel-Aviv University, 1980.
- 1995. *Descriptive Translation Studies and Beyond*. Benjamins Translation Library, vol. 4. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins, 1995.
- VINAY, J. P. & DARBELNET, J. 1958. *Stylistique comparée du français et de l'anglais. Méthode de traduction*. Paris: Les Éditions Didier. Nouvelle édition revue et corrigée 1994.
- WOOLF, V. 1927. *To the Lighthouse*. Londres: Grafton Books. Decimooitava edición, 1977.
- 1993. *Cara ó faro*. Limiar, traducción e notas de Manuela Palacios e Xavier Castro. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 1993.